

Constrúe a ponte desmontable de Leonardo



Leonardo da Vinci, xenio universal e polifacético, viviu en Italia de 1452 a 1519. Leonardo sobresaíu na pintura (*Mona Lisa* e *A última cea* son as obras máis coñecidas) pero tamén destacou como anatomista e en campos tan diversos como os da enxeñería, matemáticas, escultura e foi autor de numerosos inventos e proxectos. A ponte que se describe probablemente foi creada con fins militares pois é fácil de construír, desmontar e transportar.

Materials



- Barras de madeira de 15 mm de espesor:
8 pezas de 30 cm e 6 pezas de 23 cm de lonxitude

Ferramentas e preparación dos materiais

- Serra de dentes finos ou segueta
- Cícel (14 mm ou menos)
- Martelo



Nas 8 pezas maiores, tállanse 3 incisións de 15 mm de ancho e 7,5 mm de profundidade, tal como se mostra na imaxe

Un banco de carpinteiro e papel de lixa facilitan o traballo e dan un mellor acabado.





Proceso de construción

1) Comeza con cinco pezas de madeira tal como se mostra na Figura 1



2) Coloca nos laterais, pola parte de fóra, dous paus de 30 cm por debaixo do pasador da dereita e sobre o pasador central e engade un pasador, de 23 cm, na parte inferior, Figura 2.


3) Repite a operación, con outros dous paus longos, por debaixo do pasador que agora está á dereita (cuarto desde a esquerda) e por encima do que lle segue (terceiro desde a esquerda). Engade un novo pasador transversal na parte inferior dereita da ponte.



4) Toma os dous últimos paus máis longos e repite a operación, pero agora pola parte interior, pasándoos por debaixo do quinto pau e por encima do cuarto. Engade o último pasador transversal na parte inferior dereita. **A ponte está rematada!**

Non se precisa ningunha outra operación para manter a ponte. Con todo, se se quere trasladala, pódese atar ao redor de cada articulación con anacos de 10 cm de corda de cánabo.

Tamén se poden engadir táboas para pechar os ocos, pero tampouco é necesario.



A maior escala?

Con só cambiar os paus de madeira por postes, pódese construír unha ponte de Leonardo á escala que se desexe.

